

CIRCULAR 1

ELECCIÓNS CONSELLO ESCOLAR

No DOG do 18 de setembro de 2024 publícase a Resolución 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización **de eleccións de membros dos consellos escolares** de centros docentes sostidos con fondos públicos.

O apartado segundo desta resolución establece:

1.- **As eleccións** dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar **celebraranse entre os días 18 e 22 de novembro de 2024** ambos os dous incluídos.

2.- **A xunta electoral** regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, **constituirase entre os días 22 e 28 de outubro de 2024**, ambos os dous incluídos.

3.- De conformidade co establecido no artigo 31 b) de Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da Xunta Electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que **o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais**.

O artigo 30 do Decreto 92/1988 redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996 (DOG do 9 de agosto) establece que **"a organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos"**.

O mesmo Decreto no artigo 31 sinala as competencias da citada Xunta Electoral:

- a) Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir, en todo caso, nome e apelidos dos electores.
- b) Concretar o calendario electoral.
- c) Ordenar o proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidatos.
- e) Promover a constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- g) Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Polo tanto, comunico a todos e todas que, iníciase as actuacións do proceso electoral, o mércores, **16 de outubro, ás 12:30 horas**, terá lugar na sala de mestres do centro **o sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral**, tanto titulares como suplentes.

M^a del Carmen Loureiro Rodríguez

Directora

En Narón, a 11 de outubro de 2024